

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/5	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	3 de xuño de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 23:12 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión pedindo que se lle renda unha pequena homenaxe a D. Manuel Somoza Carbón, falecido recentemente, persoa que estivo vinculada máis de vinte anos a esta corporación municipal, habendo sido concelleiro de diferentes áreas, tales como Cultura e Rural, ademais de haber sido presidente honorario e cofundador de Protección Civil, sen esquecer que foi unha persoa moi querida no noso concello por haber adicado unha parte moi importante da súa vida para traballar polos demais e engrandecer este pobo e a nosa política local. Polo dito pide que garde un minuto de silencio na súa memoria.

(GÁRDASE UN MINUTO DE SILENCIO EN MEMORIA DE D. MANUEL SOMOZA CARBÓN)

A continuación procédese á deliberación dos asuntos incluídos na orde do día:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE MAIO DE 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de maio de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 5062/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA EN EXECUCIÓN DE SENTENZA**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



**Favorable****Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12

En contra: 9

Abstencións: 0

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar o asunto incluído neste punto da sesión, quen comenza dicindo que estamos ante unha proposta que conta co previo ditame da Comisión Informativa correspondente e que da cumprimento á Sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra en relación á RPT aprobada no ano 2016 ao abeiro dos informes da Sra. Secretaria en aquel momento, pero esta adoeceía dunha serie de cuestións segundo afirma a nomeada Sentenza, a cal foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Continúa para numerar as cuestións principais contidas na devandita Sentenza, as cales son a creación do posto de Xefe da Policía Local; establecer que o sistema de puntuación debe de ser lineal, e, por último, que se dote economicamente a RPT, procedemento ao preceptivo informe de Intervención antes da súa aprobación definitiva.

Di que, para dar cumprimento a dita Sentenza, foron celebradas unha serie de Mesas de Negociación, entendendo o grupo de goberno que o camiño a seguir sería o facer unha adaptación deste documento por entender que da nomeada Sentenza se derivaban unha serie distorsións nalgún grupo de traballadores, a tal efecto se tomou como base un traballo feito pola Universidade da Coruña; despois dunha Mesa de Negociación e de acordo cos Sindicatos, cambiouse o sentido dos traballos e que desembocou nunha proposta e que foi ditaminada no seu momento, proposta onde se establecía o prezo do punto segundo o disposto na dita Sentenza, pero que podería haber algunha dúbida sobre a ponderación; en consecuencia, e tras varias Mesas de Negociación, chegouse a un acordo cos Sindicatos de facer a execución estrita da Sentenza nos seus propios termos, sendo esta a proposta que se somete hoxe a esta sesión plenaria.

Aclara que hai un engadido derivado do compromiso adoptado na Mesa de Negociación, onde o grupo de goberno comprométese a facer as modificacións necesarias en base ao primeiro ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

A Continuación procede a dar lectura do ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais e que propón a este Pleno a adopción dos seguintes Acordos:

*1º.- Executar nos seus propios termos o ordenado na Sentenza nº 104/2018, de 31 de xullo, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, relativa á demanda interposta contra o acordo plenario de data 23 de xuño de 2016, polo que se aprobaba de forma definitiva a Relación de Postos de Traballo deste Concello.*

*2º.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de A Estrada, unha vez introducidas as modificacións derivadas da nomeada Sentenza 104/2018.*

*3º.- En canto entre en vigor o documento aprobado en execución da referida Sentenza, procederase a modificar o mesmo no prazo máximo de 1 mes para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de acordo co documento consensuado na Mesa de Negociación celebrada o día 11 de febreiro de 2021, podendo ser introducido algún axuste relativo ao organigrama, que se pactará na Mesa de Negociación.*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

Cod. Validación: A706CKP-JXLG4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 20



4º.- *Dar traslado do acordo adoptado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.*

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, sumarse ás condolencias polo pasamento de Sr. Somoza Carbón, por ser un home que adicou vinte anos a este Concello, independentemente das cores políticas que defendía, sendo o seu falecemento triste para todos os veciños e veciñas da Estrada.

Entrando na materia que se trata neste punto, di que a proposta que se somete a aprobación e froito dunha xestión nefasta de tres artistas principais, o Sr. Alcalde, o Concelleiro delegado de Persoal (D. Alberto M. Blanco Carracedo) e o Director de Réxime Interno (D. Enrique Prieto Porto), este último por haber estado presente durante todo o procedemento; sendo unha mancha imborrable nas súas follas de servizos.

No que respecta ao dito sobre que se chegou a un acordo na Mesa de Negociación, quere aclarar que as actas das sesións respectivas recollen outra cousa, de feito o acordo foi adoptado por maioría, é dicir, coa oposición da UGT e da CIG.

Así mesmo, quere que conste que no ano 2010 o partido que forma o actual grupo de goberno cometeu o erro de votar en contra dunha Relación de Postos de Traballo que traía o acordo favorable de todos os sindicatos e dunha parte moi importante dos traballadores e traballadoras desta casa, decidindo non mirar polos intereses do Concello e obter rédito político daquela RPT e, once anos despois, estamos aquí outra vez aprobando definitivamente unha RPT mediante unha proposta que decepciona a moitos/as traballadores/as desta casa ao non cumprir coas expectativas que se xeraran e, polo tanto, vai a pasar a detallar os temas que considera relevantes á hora de adoptar unha postura en canto a esta Relación de Postos de Traballo, intentando non caer nas artimañas do grupo de goberno, non entrar en polémicas e ser claro e conciso.

En canto ao asunto económico, lle preocupa o custo que vai a supoñer esta RPT, coincidindo en que os traballadores municipais están moi mal pagados, dos peor remunerados da provincia e de toda Galicia; coincide tamén en que realizan as súas funcións nunhas condicións moi mellorables, e tamén é consciente que para aprobar unha RPT, que ven dun acordo cos sindicatos, o grupo de goberno ten que facer un esforzo económico e, a este respecto, lembra que lle preguntou ao Concelleiro de Facenda o custo estimado que suporía a aprobación deste documento, pregunta á que respondeu con evasivas, remitíndose ao sinalado no informe de Intervención e, ante isto, el mesmo fixo as contas, resultando (excluídas as modificacións que se pretenden facer dentro dun mes) 2,8 millóns de euros non vindeiros catro anos. Di que entende que é un acordo posto sobre a mesa, que o Concello ten que poñer a súa capacidade económica para que este documento saia adiante, pero o que lle preocupa realmente é a maneira en que se vai a afrontar isto dende as arcas municipais; por isto, lembra que o Alcalde dixo na última Mesa de Negociación que se celebrou que habería que revisar a fiscalización do Concello para actuar pola vía dos ingresos, é dicir, subir impostos, algo que lle preocupa moito, considerando que hai outras maneiras de afrontar o impacto económico que suporá a RPT sen ter que actuar por medio da vía dos ingresos, ou sexa, actuar pola vía dos gastos; polo dito, pide que sexa explicada esa declaración feita polo Alcalde na Mesa de Negociación.

En canto á parte técnica, lembra que levou varias preguntas á Comisión Informativa, das cales o Sr. Presidente da mesma respondeu o que quixo a algunhas e a outras non, do que deduce que o grupo de goberno colle a parte da RPT do 2016 que máis lle gusta e lle aplica os cambios, incorrendo en varios erros neste documento que se pretende aprobar hoxe de maneira definitiva,

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 20



unha modificación que teoricamente xa se ten ditaminada favorablemente no expediente, cuestión xuridicamente curiosa por existir dous ditames en relación ao mesmo tema, sen embargo ao expediente súbese un e outro non, algo que lle gustaría que Secretaría o explicara.

En canto ás modificacións que se pretenden facer despois de ser aprobada definitivamente, di que ten varias opinións sobre como enfocar algúns temas, vendo no seu momento se o grupo de goberno atenderá a estas propostas.

Di que, á vista do documento da RPT que se trae hoxe a esta sesión, apréciase o cambio total de opinión do grupo de goberno, daquel discurso do mes de abril onde pretendían introducir modificacións ao abeiro da Sentenza que o permitía, agora o argumento de potestade auto organizatoria se lles cae, todo iso dende que a oposición en conxunto solicitou un informe de Secretaría sobre determinados asuntos xurídicos, elaborando dúas novas propostas contradicindo o criterio que viñan defendendo ata o momento, algo que, si el fóra concelleiro do grupo de goberno, lle preocuparía moito por saber que foi o que pasou para este drástico cambio de criterio, ademais, considera que estaría ben que aos grupos da oposición e a todo o público asistente a esta sesión se lles explicara o por que deste cambio; porque, como dixo anteriormente, foron elaboradas dúas novas propostas, a primeira contiña unha valoración do punto de 12 euros e que defendían dicindo que era a que maior seguridade xurídica lle aportaba, considerando que é mentira porque a confeccionaron para ameazar ao persoal e obrigar aos sindicatos volver a sentarse na Mesa de Negociación para que valoraran a súa proposta anterior, unha estratexia torticeira e que lle gustaría que a explicaran nesta sesión. Nesa Mesa de Negociación aparece tamén o asunto dos atrasos, tema ao que os sindicatos ni ninguén se opuxo e, aínda que o Concelleiro Alberto Blanco di que foi a primeira vez que se tocou este asunto, sabe que é unha cuestión que ven de moi atrás aínda que foran en conversas informais, polo tanto os atrasos non é unha nova esixencia dos sindicatos, senón que é unha cuestión que se plantexa formalmente nesa Mesa de Negociación e, ante iso, o Alcalde di que non se pecha a pagar eses atrasos e, incluso, atreveuse a propoñer unha alternativa para afrontalos economicamente e que era con cargo a remanentes; por último, a nomeada Mesa de Negociación péchase cun acordo favorable de todos os sindicatos (agás a CIG); e, polo dito, quere expoñer unha hipótese derivada dos acontecementos posteriores, a cal é que, despois da sesión desa Mesa de Negociación, o Sr. Alcalde reúniuse co Concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo o cal lle aclarou que os atrasos non se poden pagar, nin con cargo a remanentes nin con nada, entón ambos falan con D. Enrique Prieto Porto para trasladarlle que non se poden recoñecer ditos atrasos e entón, o Sr. Prieto, elabora unha nova proposta de acordo onde o grupo de goberno non recoñece nada. Despois, cando se lle manda esta nova proposta de acordo aos sindicatos para que asinen, estes loxicamente non queren por observar esa barbaridade, o que provoca a convocatoria dunha nova Mesa de Negociación para que o Alcalde se puidera desdicir do que xa dixera; entón nesa sesión os sindicatos atopáronse coa sorpresa de que o Alcalde non se pecha a pagar os atrasos, pero que nunca dixo que ías a pagar, ademais que non ía a asinar ese acordo porque un acordo da Mesa de Negociación non vale para nada e tampouco quería abrir a expectativa aos traballadores e traballadoras de que poden percibir eses atrasos; ante esa postura a UGT decide non apoiar esa nova proposta da RPT e o acordo cáese.

Lembra que nalgunha Mesa de Negociación pedía algún exemplo de Concello que pasara por esta mesma situación e así poder darlle forma, é por iso que lle gustaría dar algunhas ideas sobre como se podería organizar a posteriori ese pagamento, de feito no Concello de Ames pasou algo semellante no ano 2008 e puido facerse.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFA-HX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 20



Di que, unha vez máis, o grupo de goberno lle sorprende ao traer a unha Comisión Informativa a proposta de aprobación definitiva da RPT, na que se fai unha cousa moi interesante, que é separarse do criterio que viñan sostendo no mes de abril e que sosteñen tres informes de Intervención, un anterior e dous posteriores, e tamén tres informes distintos de Secretaría, apartándose totalmente do procedemento que lles marca a Interventora e a Secretaria, emitindo un Decreto de levantamento de reparo suspensivo por legalidade emitido pola Interventora e onde non o xustifican tecnicamente, senón cunha interpretación do fallo da Sentenza, saltándose así os pasos marcados nos nomeados informes (aprobación inicial e prazo para alegacións); polo anterior considera que se debería explicar o por que se saltan o procedemento, así como que a Secretaria informara aos membros do Pleno se o acordo que se vai a tomar nesta sesión é legal ou non. Ante o anterior, di que o grupo de goberno escolle as partes do Fallo que máis lle interesan, antes todo era nulo e había que facer o procedemento novamente, agora só e nulo unha parte, polo que volve a reiterar que se deberían axustar aos contidos dos informes previos, pero despois de que a oposición solicita un informe entón é cando cambian de criterio.

Continúa dicindo que, postos a interpretar o Fallo, el tamén o pode interpretar da seguinte maneira: segundo observa no Fallo da reiterada Sentenza non se indica que se anula o acordo de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada, polo tanto pódese interpretar que o único que se esixe na Sentenza é recabar un informe previo á aprobación definitiva e non que se teña que aprobar definitivamente outra vez, de feito, se se vai ao Auto de Execución a xuíza fai constar que “*é evidente que a RPT está en vigor*”; polo dito lanza esta interpretación que é tan válida como a do grupo de goberno, pedindo que o teñan en conta á hora da votación do asunto que estamos a tratar. Di que, á vista dos informes que hai no procedemento, considera lóxico que a Secretaria se pronunciase ao respecto.

Di que todo este análise ten unhas implicacións, porque estes acordos serán trasladados á xuíza do procedemento de execución e moitos dos executantes non están a favor cos contidos nesta proposta; ademais a execución en estrito cumprimento do ditado na Sentenza está moi ben, pero tamén é necesario cumprir cos dereitos xerados, polo que o grupo de goberno estase a arriscar a que isto lle salga ben, pero a el lle parece que non vai a ser así, porque a xuíza de execución dixo claramente que esta vixente e, polo tanto, polo que haberá que cumprir con eses dereitos xerados dende o ano 2016, ante isto plantéxase se este é o procedemento adecuado a seguir ou ben teríase que ir polo procedemento da modificación resolvendo as cuestións que esixe o Xulgado do Contencioso Administrativo, porque cre que Alcalde e o Sr. Blanco Carracedo poden incorrer nun procedemento penal, algo que xa se lles advertiu nas Mesas de Negociación, por iso vese na obriga de advertirlles tamén neste momento do mesmo por incumprimento dos asuntos pendentes contemplados na Sentenza, por posible prevaricación, posible malversación de fondos públicos e no enriquecemento inxusto, procedemento penal que tamén podería afectar a outros concelleiros.

Ademais das implicacións que poida ter este acordo no procedemento de execución, di que o grupo de goberno é sabedor (senón, serían uns irresponsables) de cal é a posición da CIG en relación co acordo que se pretende adoptar nesta sesión, xa que se posicionaron en contra das Mesas de Negociación por motivos diferentes aos da UGT, polo que se acadou dividir aos sindicatos na elaboración e aprobación do documento máis importante nunha administración, partindo a plantilla de persoal en dous ou tres, provocando a peor situación e herdanza para este Concello. Di que este acordo vai a recibir varios recursos e que traerán consigo máis procedementos xudiciais; de todo isto dedúcese que había un lume por apagar e, en vez de apagalo, sacan un novo documento que encende outro novo foco, non entendendo como son

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 20

capaces de fraccionar aos traballadores municipais.

Polo manifestado, anticipa que o voto do seu grupo vai a ser en contra, pedindo perdón polo seu discurso tan longo, pero seguramente útil para moitos dos presentes nesta sesión e para que o grupo de goberno teña unha visión alternativa de cales son os feitos que rodean a esta Relación de Postos de Traballo, para saber cal é a postura do grupo socialista e, incluso, para que saiban cal é a postura do grupo de goberno, porque na proposta que se trae aquí din que esta RPT non é válida e que de aquí a un mes hai que modificala.

Di que considera que esta proposta non tería que estar aquí por unha cuestión formal e de organización e que estaría ben que se aclarara por parte de Secretaría, porque se trae primeiro o que se ditaminou despois e a modificación se ditaminou antes, considerando que así se xerará un novo acto administrativo; ademais se trae un documento para aprobar cunha situación do persoal municipal moi mellorable a todos os niveis, sen o acordo favorable da UGT, da CIG e de moitos traballadores desta casa que non están afiliados a ningún sindicato, lamentando que este grupo de goberno non fora capaz sacar adiante un documento en consenso, xa que de existir poríase a favor do grupo de goberno por responsabilidade, e así acadar un documento que cambiaría o funcionamento desta casa deixando de valorar aos traballadores por estar con carné ou sen carné. Finalmente, considerando as consecuencias que pode traer a aprobación desta proposta e por non estar de acordo con ela e por non contar co apoio dos traballadores, o seu grupo político votará en contra.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para dicir que a RPT é un documento importante e obrigatorio para unha administración pública, onde se reflexa a organización dos postos de traballo, sendo imprescindible e necesaria que esta organización sexa adecuada porque, ao fin e ao cabo, estamos a falar dos traballadores municipais que prestan servizos á nosa veciñanza, por iso, para que presten estes servizos de xeito eficaz é importante que o documento estea ben feito; polo dito, é necesario que a RPT traia o consenso dos traballadores e dos seus representantes e, para iso, hai que pasar por unha fase de negociación. Todo o anterior non se acadou no ano 2016 por anunciarse como unha crónica dunha morte anunciada ao non estar todos os grupos políticos de acordo; anos despois estamos aquí despois de situacións de crispación entre os traballadores, o que supón un fracaso do grupo de goberno en materia de persoal, repercutindo en centos de preitos e moitos cartos públicos gastados en cumprimento de sentenzas. Di que o mérito que pode ter o grupo de goberno neste punto é que ten a todos os traballadores e traballadoras en contra, algo complicado.

Centrándose no tema que estamos a tratar, di que está de acordo en adaptar a RPT ao fallado na Sentenza do Contencioso Administrativo, sen embargo non ve claro que teña que ser nos termos que propón o grupo de goberno, sobre todo cando di que é unha aprobación definitiva, porque considera que poderá ter consecuencias para o persoal municipal, xa que pode que este non vexa recoñecido os seus atrasos, polo que, como administración local, debemos de ter moito coidado en ir en contra dos dereitos laborais dos traballadores, ter moi claro que os pasos que se vaian dando a partires de agora deben facerse ben e evitar así os enfrontamentos e novos preitos, algo que con esta aprobación definitiva non se vai acadar, senón que levaranos a ter que facer fronte a novos gastos por mor da interposición de recursos e reclamacións xudiciais. Aínda que o grupo de goberno manifesta e está convencido que estamos ante unha fase de aprobación definitiva, ela segue tendo dúbidas, sobre todo tendo en conta o sinalado no informe da Interventora, onde se require un novo informe da Secretaría, o cal non consta no expediente, preguntando o por que da

## Concello da Estrada





súa inexistencia, considerando que este sería importante por aportar luz a todas as dúbidas que se están plantexando, reiterando novamente que se lle explique o por que non se emitiu dito informe. Continúa manifestando que a aprobación definitiva deste documento supón un risco polo dito anteriormente, ademais de non contar co consenso dos traballadores municipais e dos seus representantes e que, sumado á inexistencia dun último informe de Secretaria, obriga ao seu grupo votar en contra.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, quen traslada a súa preocupación polo asunto que estamos a tratar, porque, aínda que a Relación de Postos de Traballo pode parecer unha cuestión burocrática, realmente estase a debater as cuestións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras do noso Concello, algo moi importante porque estamos a valorar o seu modo de vida e sustento; ademais o que levemos tanto tempo traballando neste documento é máis preocupante aínda polas negociacións feitas e falta de chegada a acordos unánimes; e, ante a falta de acordos, o grupo goberno ,sentándose cos representantes laborais, debe negociar para chegar a este acordo e non por facer un paripé; desafortunadamente, o grupo de goberno, despois de tantas Mesas de Negociación, non chegou a acordos satisfactorios para ambas partes, máis ben só para o goberno municipal cando debería ser ao revés. Polo dito di que isto non é unha bobada nin unha simple cuestión burocrática, senón algo moi importante, polo tanto lle parece unha falta de respecto para aquelas persoas que se sentan a negociar, considerando moi importante que o grupo de goberno pensara moi ben o que está a facer e se sentara con todos os traballadores e traballadoras, sobre todo con aqueles/as que non están a pedir nada doutro mundo, porque temos neste Concello persoal que cobra soldos vergoñentos e que, en caso de traballar en empresas privadas, serían considerados traballadores vulnerables, algo inadmisíble, sendo necesario abrir as portas para que estas persoas poidan ascender e poder acceder a soldos máis dignos.

Por outra banda, di que é necesario escoitar aos/as traballadores/as, porque lle parece que o grupo de goberno tapou as orellas facendo caso omiso ao que podería ser unha saída a este problema. Tamén está de acordo co manifestado pola voceira de Móvete en que o acordo que se pretende adoptar hoxe vai a abrir a porta a novas reclamacións e recursos, non estando o Concello nas condicións económicas idóneas para permitirse isto, e que repercutirá nos petos dos nosos veciños e veciñas.

Aclara que non está en contra de que se faga unha revisión das cargas impositivas, pero xeralmente soen sendo inxustas ao ser graduais. Polo tanto, considera que este asunto hai que volvelo a platear pensando en como darlle unha saída que contenten ás dúas partes, aínda que sempre nunha negociación ninguén vai a quedar contento ao cen por cento, pero aí radica a negociación, en acadar un acordo común en que, máis o menos, todo o mundo se sinta representado e que sexa asumible.

Di que lle preocupa o informe de Intervención, onde se pide a emisión doutro informe por Secretaría e que non consta no expediente, preguntando o por que desta omisión.

Finalmente, di que estamos ante unha proposta de acordo de aprobación definitiva da RPT, un acordo imposto por non haber consenso e que supón a implantación dunhas condicións abusivas e que seguiu un procedemento escuro, polo tanto o seu grupo votará en contra desta proposta.

Intervén o Concelleiro delegado de Persoal e voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para dicir que por un momento pensaba estaba no PXOM pola mesma

## Concello da Estrada







postura pesimista do grupo socialista. Pensaba que o voceiro socialista erraba ao dicir que os responsables eran tres artistas, interpretando que quería dicir tres actores á vista dos guións e películas que se monta na súa cabeza ao falar dos atrasos e das ameazas penais, aclarando que si hai unha ameaza penal, a cal sería o incumprimento da Sentenza e por ese motivo estamos aquí, para acatar o esixido na dita Sentenza. Di que é una pena que o PSOE, cando estivo no goberno en coalición co BNG, non houbera feito unha RPT o cal sería beneficioso para todos. Tamén manifesta estar de acordo coa voceira do grupo Mixto cando afirma que os soldos dos traballadores non son o que debería ser, pero esta situación xa sucedía daquela e non foron capaces de resolver este tema.

En canto á queixa do grupo socialista sobre que nos vai a custar moito, se queremos, por un lado, que os traballadores reciban os seus salarios....., lembra que dito grupo do 2007 ao 2009 incrementou en dous anos 2,4 millóns de euros os salarios sen aplicar unha RPT e sen arranxar a situación salarial, algo que lle gustaría atopar cando tomaron o mando do goberno deste Concello. Continúa aclarando que temos unha Sentenza que causa distorsións e seguramente se puido facer mellor, pero os actores non foron só o grupo de goberno senón tamén os sindicatos, sendo moi difícil chegar a un acordo, pero neste momento están de acordo dous sindicatos, outro que si estaba de acordo pero condicionado á cuestión dos atrasos.

No que respecta ao pagamento dos atrasos, non é unha condición para o cumprimento da Sentenza, o que si ten que facer o grupo de goberno é dotar ao documento dun contido económico, e o propio informe de Intervención recolle o custo que supón e que será un gran esforzo económico, pero hai que facelo porque os traballadores teñen que percibir un salario adecuado ao seu traballo.

Di que a Sentenza crea unhas distorsións que hai que corrixir, os propios sindicatos pediron que se engadira o punto terceiro da parte dispositiva da proposta.

Sobre o tema dos atrasos, di que o grupo socialista non deixa moi clara a súa posición ao igual con respecto á aprobación inicial ou á aprobación definitiva, primeiro di que tería que ser unha aprobación inicial con prazo de alegacións e, despois, di que debería ser definitiva, así que lle agradece a clase didáctica que dou o seu voceiro e que nos abriera os ollos aos membros do grupo de goberno, pero o seu discurso ten moitos fallos porque, aínda que o resultado final e o voto en contra, non aclara se ao final hai que pagar os atrasos, aínda que en privado a súa opinión é contraria. Centrándose no fondo do asunto o Sr. Blanco di que se trata dun tema que non forma parte da sinalada da Sentenza.

En canto á aprobación definitiva, di que hai informes que consideran que debería ser un procedemento de aprobación inicial, exposición pública e aprobación definitiva, pero a Sentenza no seu último punto recolle que é necesario recabar informe de Intervención con carácter previo á aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo, polo que non hai dúbida.

Finalmente, di que non se esperaba o apoio da oposición e que con esta proposta dáse cumprimento á Sentenza; o grupo de goberno sabe que hai moitas situacións para corrixir, existindo acordo cos sindicatos para que estas correccións se fagan da forma proposta.

Por outra banda, di que os grupos da oposición tiran a pedra e esconden a man, como sempre, porque din que non se pode gastar pero ao tempo que se paguen aos traballadores, e así estamos.

Intervén novamente o voceiro do grupo Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dirixirse ao Concelleiro D. Alberto Blanco, dicíndolle que reconece que ten hoxe un papelón ao ter que defender esta Relación de Postos de Traballo, defendendo teorías totalmente contrarias ao que se

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 20



pretende aprobar hoxe; así fai unha serie de aseveracións que deixan claro que non escoitou ou non quixo escoitar o seu longo discurso, así que volve a lembrar que na preceptiva Comisión Informativa se lles advertiu que non ditaminaran a proposta de acordo ata que estivera o informe que a oposición solicitara sobre a mesma, sen embargo fixeron caso omisión e ditaminaron igual; quince días despois houbo que volver a celebrar outra Comisión Informativa e elaborar un novo ditame. Así mesmo, se hoxe se aproba esta proposta, augura que probablemente teñamos que volver porque o Xulgado de Execución o mande de volta, querendo lembrar o que dixo anteriormente sobre que o estrito cumprimento da Sentenza está moi ben, pero tamén hai que cumprir cos dereitos devengados a raíz da mesma, ademais o Auto de Execución é o que di, así que o grupo de goberno saberá o que está a facer e avisa de que se trata dun risco que van a tomar.

Continúa dicindo que lle fai moita gracia que veñan coa historia do 2010 e, a este respecto, lles pregunta por que votaron en contra naquel momento se lles interesaba tanto que estivera xa elaborada e en vigor unha RPT, polo que se atreve a dicir que son uns irresponsables e naquel momento puxéronse a camisa do Partido Popular e non a dos traballadores do Concellos sendo o que máis lle preocupaba o custo económico que suporía, cando sería máis barata da que propoñen agora.

Di que nunca dixo que fora cara ou barata a RPT, dixo que os esforzo económico está en 2,8 millóns de euros nos vindeiros anos, sen contar co pagamento dos atrasos, preocupándolle o que dixo o Alcalde na Mesa de Negociación sobre como se vai a afrontar este esforzo, por vía de ingresos ou por vía de gastos, e, a este respecto, ten unha proposta para poñer enriba da mesa para que cando queiran poder discutila, ofrecendo todo seu apoio para buscar unha solución, porque non lle gustaría que este Concello teña unha mala situación económica.

#### (ENTRA EN TEMAS QUE NON TEÑEN QUE VER CO ASUNTO A TRATAR)

Continúa o Sr. López Bueno aclarando que, a pesares de que o grupo de goberno segue sostendo que ten acordo, afirma que non é así, porque ten dous votos a favor e dous en contra, sen ter en conta as opinións que hai dentro da Casa do Concello porque entón terían moitos máis votos en contra. Polo dito, lamenta non poder aprobar un documento que non veña con acordo, porque non é tan irresponsable como vostede (dirixíndose ao Sr. Alcalde), xa que cre en outra forma de facer política, nun discurso máis construtivo, podendo admitir un debate e xogo político na prensa, pero en sede das sesións plenarias fanse propostas e debates construtivos e non dando paus porque si; por iso, no tema dos atrasos hai determinados temas que se poden discutir xuridicamente, tendo varias ideas que propoñer e, de feito, existe unha sobre a mesa e que é cambiar o acordo e darlle efecto retroactivo, porque se dita unha nova proposta en substitución da anterior, santándose todas as indicacións de Intervención; pero considera que todo está en querer facer e pensar solucións, pero o grupo de goberno non quere.

Di que a opinión que vale é a da xuíza de execución e advirte que probablemente volvamos aquí a facer outra aprobación definitiva porque isto non vai a saír adiante.

Volve a intervir a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para recalcar tres cuestións, a primeira é que a falta deste último informe de Secretaría pode ser un motivo para que haxa unha nova impugnación por parte dos traballadores, cuestión que debemos de ter en conta; ademais, nun proceso executivo, se hai vontade real entre as partes e gañas de negociar, non se ten que

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 10 a 20



chegar a pagar multas. Outra cousa que considera importante ter en conta e que, aínda que os atrasos non forman parte da Sentenza, si son consecuencia da mesma e, polo tanto, deberíase ter claro.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para reiterar o seu desexo de reconsiderar a postura de aprobar hoxe de xeito taxativo algo que non contenta a ningún/ha traballador/a do Concello. Así mesmo lle parece importante recalcar que a xente vai a traballar non por ser unha ONG, senón por cartos e dentro dunhas condicións laborais óptimas, deste xeito obteranse mellores resultados na prestación dos servizos; así que pide que o grupo de goberno se sente con ánimo e disposición de escoitar nunha nova negociación e dar resposta á demanda dos traballadores. No que respecta aos atrasos, habería que pagalos e hai que buscar o xeito de facelo, xa que o que non se pode facer é deber cartos a ninguén, sobre todo cando se tratan de remuneracións por servizos prestados e ás que se ten dereito, entendendo que é complicado dar cumprimento a isto dada la situación económica actual, pero haberá que buscar entre todos/as unha solución viable, porque non se pode ter unha plantilla de traballadores que están a realizar as súas funcións con desgusto.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** agradecendo aos/ás voceiros/as dos grupos municipais polas súas intervencións e que valora, pero lle gustaría facer unhas reflexións finais antes de someter o asunto e así aclarar algúns puntos relevantes á hora de entender a proposta que se somete a votación. Así, di que discrepa da estratexia do grupo socialista, poñendo en valor o traballo dos sindicatos con representación neste Concello, porque parece que este grupo pon en dúbida a labor destes en todo este proceso, incluso falando de traballadores que non estaban de acordo co defendido polos sindicatos; reconece que as negociacións non foron fáciles e, seguramente, non ben levadas, pero tampouco non se corresponde esta situación con relato frívolo feito polo voceiro socialista, algo que non debería facer, sobre todo cando estamos a tratar temas tan importantes e delicados como o de hoxe. Continúa dicindo que reconece que nesas negociacións equivocáronse, senón non estaríamos na situación actual, pero dun proceso que dura tantos anos sempre se pode aprender, de feito se aprendeu moito por todos neste tema tan complexo e que, no seu día, partiu en dous ao goberno do Sr. Dono ao non acadar o apoio do seu socio de goberno (BNG), algo distinto ao que acontece co actual grupo de goberno, por moito que queira o Sr. López Bueno dicir o contrario.....

(INTERROMPE O SR. LÓPEZ BUENO)

O **Sr. Alcalde** advirte ao voceiro do grupo socialista que xa falou durante corenta e cinco minutos durante a súa quenda de intervención e tamén xa tivo opción de réplica, non sendo interrompido, polo que lle pide respecto.

Retoma a súa intervención poñendo en valor os traballos de todos os que participaron nas Mesas de Negociación e a labor sindical, porque foron negociacións moi difíciles que deron lugar a un acordo e a unha proposta que, aínda que non son favorables a todos os traballadores, fainos sentir cómodos coa proposta que estamos a tratar, a cal non é perfecta porque o documento da RPT que se pretende aprobar é moi distorsionado por mor da aplicación dunha Sentenza que entra en cuestións moi concretas e que deixa outras nun limbo e que obriga a buscarlles unha solución. Di que, coincidindo cos sindicatos, non ten sentido que isto fose o final do camiño, tratándose dun

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JXLG4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 20



paso previo para un documento que ten que resolver as distorsións graves que se xeneran pola aprobación definitiva en execución estrita de Sentenza. Así que, cando o voceiro socialista fala de que non entende cal foi o procedemento, llo pode resumir nunha soa palabra e que é “NEGOCIACIÓN”, negociación que chegou tarde e que tivo un escenario non óptimo para todos, pero que dou un froito, porque o grupo de goberno presentou un documento validado pola Universidade da Coruña e que non contaba co apoio sindical, polo que se tivo que desistir dese procedemento co fin de chegar a un acordo, así que se inician negociacións e o grupo de goberno cambia substancialmente a súa estratexia desistindo dese procedemento e abrindo un novo e que tiña como base o documento aprobado no ano 2016, procedemento tramitado en dúas fases, unha a execución da Sentenza e, a segunda, a modificación da RPT; con este novo procedemento convocáronse varias Mesas de Negociación onde ninguén se levantou da mesa a pesares das diferenzas e das discusións xurdidas, porque sempre houbo unha absoluta vontade por parte de todos a chegar a un acordo, porque os sindicatos fixeron unha gran labor á hora de defender a todos os traballadores e non só aos seus afiliados. Quere deixar claro que todas estas negociacións non foron fáciles nin para os sindicatos nin para o grupo de goberno e, incluso, para a oposición, aínda que para esta última a posición é fácil, tan só dar gasolina e lume, por iso cando o voceiro socialista fala tanto de responsabilidade e que está ao lado do goberno provoca a risa, porque nunca este grupo apoiou ao goberno municipal en cuestións importantes, tal como cando suspenderon cautelarmente o PXOM, senón que, polo contrario, aproveitaron as ocasións para desgastar ao goberno, así que non admite que veñan agora aquí con “buenismos” ao ser imposible a súa credibilidade.

Di que o grupo de goberno recoñece os seus erros, esperando e desexando aprender deles, aínda así considera que se estivo á altura neste procedemento da RPT, ao igual que os sindicatos que souberon entender e deixar, ás veces, os seus intereses sindicais nun momento difícil coa idea de chegar a un acordo. Independentemente, quere deixar de manifesto que esta estratexia que hoxe comezamos é un punto e seguido, esperando que nas vindeiras semanas podamos finalizar esta fase do procedemento e continuar coas modificacións do documento ao abeiro do acordo chegado cos sindicatos.

Dirixíndose ao voceiro socialista di que este pretende que se execute estritamente a Sentenza, e é o que se está a facer agora incorporando aquelas cuestións que se producen pola súa execución (os complementos persoais transitorios), algo ao que os grupos da oposición van a votar en contra, sendo outra cousa na que non están de acordo as modificacións que se pretender facer posteriormente á RPT e que contan co apoio favorable dos sindicatos, pero neste momento están a votar en contra de que se cumpra co ordenado pola Sentenza. Entende que se poida discutir sobre se procede ou non a aprobación definitiva, se tería que ser unha aprobación inicial tal e como dí o informe de Intervención ou dar conta simplemente deste acordo, pero é difícil entender dentro do que é o procedemento administrativo a non incorporación no seu día dos informes de Intervención e Secretaría, porque non seu momento non había cuantificación económica e non se querían xerar expectativas que non se podían cumprir ao haber un límite orzamentario que non deixaba incrementar os salarios; pero ven a Sentenza e ordena que se cuantifique e pague, entón agora hai que facelo e é o obxecto da proposta que se está a debater. En canto aos atrasos, a Sentenza non fala deste asunto, pero si pensamos en eles quere aclarar que neste momento temos 4.200.000 euros de remanentes e non o millón e pico que dicía o grupo socialista, polo que hai capacidade financeira para afrontalos, sendo máis preocupante o gasto recorrente pola aplicación da RPT (custo anual que ten que asumir as arcas municipais).

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 20

Reitera o Sr. Alcalde que agora o que toca aprobar é a execución estrita da Sentenza, os outros temas, como os atrasos, son obxecto doutro procedemento; así que deixa baixo a súa responsabilidade o votar en contra desta proposta.

Explica que a estratexia que ten o grupo de goberno neste momento está clara na proposta de acordo que se somete hoxe para a súa aprobación e que inclúe un punto terceiro para que, unha vez aprobado definitivo o documento da RPT, se proceda mediante un novo procedemento a modificalo nun prazo máximo de 1 mes e que dará lugar a unha nova proposta, tal e como se acordou cos sindicatos.

Finalmente, procede a resumir todo o dito anteriormente nesta intervención, dando lectura ao contido na proposta que se somete a aprobación.

Pide volver a intervir por terceira vez o voceiro do grupo socialista ao que o Sr. Alcalde lle denega a palabra por haber contado xa cunha hora e cuarto para intervir, contando con dúas quendas de intervención, ademais considera que este asunto está máis que suficientemente debatido, polo que procede a dar lectura ao acordo que se somete a votación.

Non habendo máis intervencións procédese someter o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do Partido Socialista, MÓVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Sentenza nº 104/2018, de 31 de xullo, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que fallaba:

*"(...) En cuanto a las demás pretensiones, declaro que el acuerdo impugnado de aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo y el dictado al resolver los recursos de reposición en cuarto confirma aquél, no son conformes a derecho, debiendo declararse la nulidad parcial de los mismos, en cuanto a las deficiencias observadas y que se detallan en esta resolución, de forma que se condena al Concello de A Estrada a realizar las actuaciones necesarias para solventar las mismas, y en concreto: -Incluir en la Relación de Puestos de trabajo la cuantificación de los complementos; - Incluir la plaza de Jefe de la Policía Local; - Corregir la forma de ponderar los valores de los complementos, que ha de ser lineal y no en función de grupo o categoría profesional; - Incluir como aspectos a tener en cuenta al valorar el complemento específico, ya sea dentro del Factor Penosidad o del Factor Dedicación, lo relativo a la prestación de las jornadas ordinarias de trabajo a turnos, con noches, sábados, domingos y festivos, con la valoración correspondiente; - Corregir las valoraciones efectuadas de determinados factores para los concretos puestos de trabajo analizados en los fundamentos de derecho 6º al 12º; - Completar o precisar las funciones para los concretos puestos de trabajo indicados en el fundamento de derecho 14º; - Incluir el catálogo de puestos de trabajo de segunda actividad; - Y recabar el informe de Intervención con carácter previo a la aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo."*

Vista a Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 18 de setembro de 2019 que confirma a Sentenza antes indicada.



Visto o Auto nº 106/2020, de data 23 de novembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra relativo a incidente de execución 5/2020, que indica na parte dispositiva:

*“No ha lugar a la fijación del plazo para la ejecución de la sentencia nº 104/18 de este Juzgado en diez meses, solicitado por el Concello de A Estrada. Continúese la presente ejecución, a los efectos de dar estricto cumplimiento a lo ordenado en la sentencia citada, y requiriéndose al Concello de A Estrada que lo lleve a efecto en el plazo máximo de dos meses desde la notificación de esta resolución, con el apercibimiento de adopción de las medidas previstas en el artículo 112 LJCA en el caso de incumplimiento.”*

Visto que a Sentenza do TSX de Galicia incide, nos seus razoamentos xurídicos, no alcance do fallo anulatorio parcial da Sentenza de instancia, cando di:

*“Es lógico, pues, que se mantengan aquellos trámites en los que no se aprecia tacha, y sólo se anulen aquellos otros en los que se detectan los vicios que se especifican en la parte dispositiva de la sentencia apelada, pues ello es lo más acorde al principio de conservación de los actos, recogido en el artículo 51 de la Ley 39/2015, respecto a aquellos cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción (...).*

*Está justificada la nulidad parcial de la RPT en los aspectos que han sido enjuiciados y valorados en la setencia apelada, pero no existe fundamento para acordar la nulidad total que en el recurso de apelación se interesa. La omisión de la cuantificación de los complementos y del informe de la intervención no ha de conllevar necesariamente la nulidad total postulada, porque no se puede hablar de omisión total y absoluta del procedimiento legalmente establecido de elaboración de la RPT (art. 47.1.e Ley 39/2015), además de que sería un pronunciamiento contrario al principio de conservación de actos recogido en el artículo 51 de la Ley 39/2015. En este punto conviene destacar que, en todo caso, de entre los habilitados nacionales, consta el informe de Secretaría de 26 de mayo de 2016 favorable a la aprobación de la relación de puestos de trabajo, tras la incorporación de las alegaciones acogidas y la consiguiente corrección del documento (folios 911 y siguientes del expediente administrativo). Y respecto a la cuantificación económica de los complementos de destino y específico nada impide que se realice sobre las puntuaciones otorgadas a los puestos de trabajo, de modo que se trata de una irregularidad fácilmente subsanable que no ha de conllevar la nulidad de todo el instrumento técnico, lo que se acomoda mejor a la interpretación restrictiva que ha de predominar en esta materia”.*

Visto o Fundamento de Dereito Segundo do Auto 106/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra que di:

*“Lo pretendido por la Administración demandada, de retrotraer el expediente y elaborar un nuevo documento, incluyendo cuestiones que no fueron tratadas en el procedimiento del que deriva la sentencia que es título de ejecución, aprovechando así la circunstancia de ésta para efectuar una nueva RPT que recoja aspectos de interés en relación a los cambios habidos en el funcionamiento de la administración municipal (cuestiones en relación a la administración electrónica, p.e.), no puede acogerse como ejecución de la sentencia de que se trata, sino, en su caso, como ejercicio de su potestad de*





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

*autoorganización, de la que por supuesto no se ve privado el Concello demandado, pero sin que ello sea óbice para dar cumplimiento a lo ordenado en sus propios términos”.*

Visto o informe de Secretaría de data 03/05/2021, emitido a requirimento dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e MOVETE.

Visto o acordado na Mesa de Negociación celebrada o día 14/05/2021, polo que se fixa un prezo de 16 euros/punto, incrementándose un 1 euro/punto/ano, ata chegar aos 20 euros/punto ao ano 2025.

Visto que existían varios erros materiais que foron corrixidos no documento informado obxecto da negociación.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 24/05/2021, para a aprobación definitiva en execución da nomeada Sentenza.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 26/05/2021 emitindo reparo suspensivo á anterior proposta.

Visto o informe asinado polo Sr. Alcalde en data 26/05/2021, en relación ao reparo suspensivo emitido pola Intervención municipal.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2021-0613, de 26 de maio, polo que se levanta o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal, resolvendo así a discrepancia co órgano interventor.

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 27/05/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Executar nos seus propios termos o ordenado na Sentenza nº 104/2018, de 31 de xullo, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, relativa á demanda interposta contra o acordo plenario de data 23 de xuño de 2016, polo que se aprobaba de forma definitiva a Relación de Postos de Traballo deste Concello.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de A Estrada, unha vez introducidas as modificacións derivadas da nomeada Sentenza 104/2018.

**Terceiro.-** En canto entre en vigor o documento aprobado en execución da referida Sentenza, procederase a modificar o mesmo no prazo máximo de 1 mes para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de acordo co documento consensuado na Mesa de Negociación celebrada o día 11 de febreiro de 2021, podendo ser introducido algún axuste relativo ao organigrama, que se pactará na Mesa de Negociación.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 20



**Cuarto.-** Dar traslado do acordo adoptado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

Pregunta o **Sr. Alcalde** se algún dos grupos políticos municipais quere presentar algunha moción de urxencia e, non habendo, procédeuse a entrar na parte de Actividade de Control.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 14 DE MAIO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 14 de maio de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0512 ao número 2021-0576 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, facer una serie de rogos:

- Que a RPT sexa un documento dinámico e que o Sr. Alcalde nas súas intervencións se limite a falar do asunto que se estea a tratar.
- Prega que nas reunións que se fagan para proceder a facer modificacións no documento da RPT se cheguen máis rápido a acordos
- Prega que o Sr. Alcalde se ataña ás afirmacións feitas polos grupos da oposición, non utilizando argumentos ridículos.
- Pide que se arranxe unha pista sita en torno a Chaometal na parroquia de A Somoza.
- Solicita que na pista que sube a Matalobos dende a Avda de Vigo se fagan actuacións para a súa reparación.
- Roga que se arranxe tamén unha pista sita en Santabaia (Matalobos) que da servizo a unha vivenda unifamiliar, sendo necesario que se amplíe o aglomerado ata a entrada á dita casa.
- Reitera o rogo da Asociación “Entre as Pontes” para a instalación de varios contedores de recollida de lixo.

A este último rogo, o **Sr. Alcalde** lle contesta que xa están instalados dous ou catros contedores na zona.

Continúa o **Sr. López Bueno** trasladando a queixa do xerente da Cafetería Nicol's por ser o único bar da Estrada que non ten a posibilidade de instalar unha terraza na beirarrúa; di que é coñecedor da problemática para esta colocación, sobre todo pola reclamación dun veciño, sen embargo lle gustaría propoñer que se retiraran os pivotes existentes na rúa Don Nicolás e así facilitar a súa colocación, colocando un

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 20





valado para dar o servizo de circulación de peóns entre o edificio e a terraza, así que pide que se teña en conta esta proposta.

En relación aos problemas que todos anos no verán provoca a captación de auga en Codeseda, pregunta como se ten resolto este asunto.

Prega tamén que sexan retirados ou recolocados uns cables de telefónica existente na entrada do aparcadoiro do Teatro.

Por último, pregunta ao grupo de goberno sobre que planificación que ten con respecto ao Plan REACPON da Deputación de Pontevedra.

Para responder á anterior intervención toma a palabra o **Sr. Alcalde**, quen, en relación ao tema dos asfaltados, di que as pistas de Matalobos están dentro dun proxecto de asfaltados cuxa finalización está prevista para finais do verán, pero antes se procederá a efectuar un plan de bacheos provisional.

No que respecta á terraza da Nicol's na rúa Don Nicolás, estanse valorando varias alternativas e, a proposta polo voceiro socialista, xa se analizou e non é sinxela de acometer por mor de tratarse dunha vía de circulación única de vehículos con bastante tránsito o que provoca risco de accidentes, ademais de que os pivotes están enterrados na pedra, por outra banda non se poder xerar situacións de desigualdade entre locais que poderían esixir o mesmo. A alternativa que se está a valorar e a colocación da terraza na praza da Farola, pero hai que ter en conta que se trata dun dominio público e prevalece o interese xeral dos veciños. Polo anterior, a solución non é sinxela.

En relación á captación de auga de Codeseda, di que os técnicos municipais están a punto de rematar o proxecto para acometer a obra por un importe total de corenta e cinco mil euros e que ten por obxecto reforzar a captación mediante a condución da auga de cara aos depósitos e así dar solución definitiva a este problema.

En canto aos cables de telefonía que colgan na entrada ao aparcadoiro do Teatro, xa se lle trasladou á compañía para que procedan a facer os traballos necesarios para a súa recolocación.

No referente ao Plan REACPON da Deputación, di que ten dúbidas sobre el, xa que o que se pretende con el poderíase incluír dentro do Plan Concellos mediante o seu incremento en vinte millóns de euros, repartindo eses recursos entre os Concellos segundo a poboación ou extensión do territorio, algo que sería máis coherente, pero avanza que isto vai a ser outras vez unha actuación como a doutros plans anteriores nos que de 14 proxectos lle deron 9 ao PSOE, 2 ao BNG e 1 PP. Tampouco lle cabe ningunha dúbida que os alcaldes socialistas tiñan información privilexiada e así os proxectos xa os tiñan cociñados, por iso insisten tanto en proxectos maduros; a pesares diso, este Concello vai a loitar cun proxecto potente, necesario e moi demandado polo noso concello, así que, empezado o prazo antes de onte, esperamos ter todo rematado a mediados do mes de xuño e poder presentalo con todas as garantías e beneficiarse desa liña de subvención, aínda que non te claro que esta sexa concedida tendo en conta os antecedentes, pero si é concedida recoñecerá que se ha equivocado nas súas previsións.

O **Sr. López Bueno** lembra que na pasada sesión plenaria, con motivo dos parques eólicos, quedouse en convocar unha xunta de voceiros, sen embargo a día de hoxe non se fixo, polo que prega que se tramite dita convocatoria.

Tamén, en relación ao falado do Plan REACPON, cre que o grupo de goberno prefería ter vinte millóns de euros a libre disposición, pero a Deputación manexa criterios obxectivos, polo que non se debería ser tan desconfiado. En relación ao proxecto que se vai a presentar para este Plan polo Concello, pregunta se ten que ver con IDOM.

Responde o **Sr. Alcalde** que ten que ver co Concello da Estrada, un proxecto para á Estrada e para os/as estradenses.

En canto aos parques eólicos, o Concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo lle vai a

## Concello da Estrada





trasladar unha cuestión e xa se convocará a sesión da xunta de voceiros.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, lembrando que fai unhas semanas denunciouse a existencia dun verquido detrás da Escola Infantil, en concreto na barranqueira da Ponte Nova, o cal foi arranxado, sen embargo hai outro tubo pegado que está a provocar un novo verquido, polo que prega que sexa arranxado tamén.

Pregunta se o grupo de goberno ten organizada algunha actividade con motivo das festas patronais San Paio, así como con que orzamento.

Pregunta sobre cal vai a ser o futuro inmediato do Albergue de Sabucedo e se están contempladas as obras necesarias para a súa posta en funcionamento, considerando que podería estar aberto para o mes de agosto ante o avance positivo da pandemia e por estar en Ano Santo.

O **Sr. Alcalde** lle contesta, en relación ao Albergue de Sabucedo, que hai unha petición no Padroado da Fundación Cultural para a súa explotación pola Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo e, neste momento, estanse a valorar distintas alternativas para barallar dita cesión, porque a experiencia de concesión non funcionou no seu momento, sendo necesario buscar outras opcións a esta infraestrutura que pode aportar moito aos peregrinos do camiño xacobeo e ao proxecto de desestacionalización de Sabucedo.

No que respecta ás festas patronais, estase traballando nunha programación. Avanza que van a ser unhas festas moi culturais e moi galegas por contar con grupos tradicionais da nosa terra; ademais se está a colaborar estreitamente coa Xunta de Galicia para poñer en marcha os protocolos na celebración de festas e celebrar eventos seguros e que suporán un custo importante polos peches perimetrais, montaxes, seguridade e control de accesos. En definitiva, vanse a facer unhas festas máis ambiciosas pero sen contar co modelo verbena por ser moi difícil de controlar; ademais, intentarase cubrir todas as franxas horarias con actividades para as familias e os cativos. En canto ao tema dos orzamentos, di que non están pechados, hai unha implicación importante da Xunta de Galicia a través dos programas xacobeos. En definitiva, di que, unha vez estea pechada a programación e o seu custo, o Concelleiro responsable lle dará a información de todas as actividades e eventos que se farán durante as festas San Paio.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar os seguintes rogos e preguntas:

- Prega que se repare un espello de tráfico existente na estrada que vai de Torreboreda a Nigoi (cruce onde existe un taller de coches).
- Roga que se arranxe o camiño que vai de Fraiza a Curantes, xa que o seu firme atópase en moi mal estado dificultando a circulación.

O **Sr. Alcalde** responde que dito camiño está incluído nun proxecto de asfaltados.

Continúa a **Sra. Camba Castro** pedindo que se arranxe o firme do aparcadoiro da Casa das Letras. Así mesmo, pregunta se hai algunha previsión para arranxar tamén o aparcadoiro sito ao lado de Correos.

Responde o **Sr. Alcalde**, en relación ao aparcadoiro da Casa das Letras, que se está a traballar nun acordo cos propietarios dos terreos cedidos para poder facer algunha actuación nesta zona. En relación á zona de aparcamento de Correos, di que se trata dun espazo gañado ao dominio privado e, por costume, foise utilizando pola veciñanza para aparcar, non habendo boa vontade por parte dos propietarios para poder facer ningunha obra de acondicionamento, polo que só podemos facer traballos de mantemento, informando que estes se farán agora e de cara ao verán.





A **Sra. Camba Castro** informa da existencia fai tempo dunha neveira ao lado dun contedor de lixo sito no campo da igrexa de Aguíóns, polo que pide que vaian a retirara para levala ao Punto Limpo.

Solicita que sexan colocados algún contedor de papel no rural e así evitar que os contedores de orgánico estean cheos de cartón.

Lembra que nunha sesión plenaria anterior o seu grupo denunciara o mal estado no que se atopaba o Museo Reimóndez Portela, recomendando unha limpeza da súa contorna, pero a día de hoxe segue sen facerse estes traballos, preguntando cando se farán.

O **Sr. Alcalde** lle responde que antes das festas patronais.

Lembra a **Sra. Camba Castro** que tamén se había solicitado unha visita ao interior deste Museo, preguntando se xa falou co Director do Museo e se está fixada a data.

O **Sr. Alcalde** di que aínda non.

A **Sra. Camba Castro** di que na última sesión plenaria se falara do estado no que se atopa a Torre de Guimarei e que o seu dono estaba a incumprir a Lei de Patrimonio, indicando o Sr. Alcalde que ía a falar co seu propietario, entón pregunta sobre esta conversación.

O **Sr. Alcalde** responde que dende o Concello púxose en contacto coa familia propietaria da Torre para trasladarlle a situación precaria e de ruína na que se atopa tanto a torre como o pazo, preguntándolles se tiña prevista algunha actuación e, en caso contrario, iniciárase un expediente a través de Patrimonio, ao que contestaron pedindo un prazo duns meses para vir á Estrada e reunirse con nós e falar deste tema.

Finaliza a súa quenda de intervención a **Sra. Camba Castro** trasladando a queixa dalgúns veciños pola falta nas festas patronais dun grupo de rock, xa que hai moitos grupos galegos que fan este tipo de música.

O **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas doce minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: A706CKP-JL-G4KWV-XMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 20



*De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: A7Q6CKP-JXLG4KWFXMDFAHX7YC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233